



PROGRAMACIÓN AUDICIÓN E LINGUAXE (CURSO 2023-2024)

No presente curso seremos dúas mestras as encargadas da intervención nesta medida de atención á diversidade. Para organizar as intervencións e debido a casuística organizativa do centro, que se divide en dous edificios, un de nós será o encargado de intervir co alumnado dos cursos inferiores (dende 5º de Educación Infantil ata 1º de Educación Primaria) e o outro, dos superiores (en 4º de Educación Infantil e dende 2º de Educación Primaria ata 6º).

A nosa actuación, regulada no Decreto 374/1996 do 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, recolle as seguintes funcións:

- Coordinar, en colaboración coa xefa de estudos, as cuestións relacionadas coa educación e a estancia nos centros de alumnos con algún tipo de minusvalidez física, psíquica ou sensorial.
 - Colaborar coa comisión de coordinación pedagóxica na elaboración do plan de actuación respecto ó alumnado con n.e.e.
 - Orientar ó profesorado que imparta docencia ós alumnos con necesidades educativas especiais, así como a eles mesmos e ós pais sobre cuestións de interese para o seu desenvolvemento.
 - Colaborar coa profesora titora e co resto de profesorado na elaboración das adaptacións curriculares e no seguimento e avaliación das mesmas.
-



-
- Aquelas outras funcións que se lle puidesen asignar no ámbito de apoio ó alumnado con necesidades educativas especiais.

Tamén na *Orde 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998*, establécense as funcións do mestre de Audición e Linguaxe. Estas son:

- a) Asistir ás reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
 - b) Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda á educación secundaria obrigatoria e, cando cumpra, naquelas sesións de avaliación que afecten a alumnado con necesidades educativas especiais.
 - c) Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais, así como medidas de reforzo, se é o caso, e daquelas outras dirixidas á atención á diversidade do alumnado.
 - d) Prestarlle atención docente directa ó alumnado con necesidades educativas especiais que así o requira, atención que, en xeral, se prestará no grupo no que está integrado.
 - e) Aquelas outras funcións que a Administración educativa lles poida asignar referidas á orientación.
-



A nosa actuación co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (definido no *Decreto 229/2011, polo que se regula a atención á diversidade en Galicia*) centrarase especialmente en intervir nas dificultades ou alteracións na comunicación, linguaxe e fala. Elaboraremos programas de intervención e realizaremos o seguimento do ANEAE derivado polo Departamento de Orientación. A nivel de centro, coordinarémonos coas titoras e outras especialistas que impartan docencia ó ANEAE, obxecto da nosa intervención. Tamén estaremos en contacto coa comisión de coordinación pedagóxica e co equipo de ciclo para colaborar na realización de plans de actuación. Dentro do Departamento de Orientación, colaboramos e orientamos nos aspectos referentes ó noso ámbito de actuación. En relación ó contexto, estaremos en contacto coas familias para informalas das necesidades educativas das súas fillas/os, dos avances e das posibles incidencias no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Tamén estableceremos vínculos con outras asociacións, Concello, e outros profesionais externos ó centro que atendan ó mesmo alumnado ca nós, sempre seguindo as directrices do Protocolo de Protección de Datos.

ALUMNADO

Neste ano académico, recibirán apoio de audición e linguaxe :

- 5 alumnos e alumnas con neae asociadas a TEA.
 - 3 alumnos con neae asociadas a Retraso da Linguaxe.
 - 12 alumnos con neae asociadas a alteracións da fala.
-



PROGRAMACIÓN

Os obxectivos estarán expostos nos programas de intervención individuais, que, en función das necesidades do alumnado variarán. Dun xeito xeral, serán os seguintes:

Alteracións da fala e linguaxe:

- Obxectivo xeral: mellorar a competencia lingüística do alumnado.
 - Obxectivos específicos:
 - o Mellorar os procesos cognitivos básicos.
 - o Estimular a discriminación auditiva.
 - o Potenciar a capacidade de respiración e sopro.
 - o Favorecer a motilidade bucofacial.
 - o Acadar a correcta articulación dos fonemas con problemas.
 - o Mellorar a intención comunicativa.
 - o Normalizar a conduta.
 - o Establecer ambientes estruturados para facilitar a comprensión de distintas situacións.
 - o Participar en situacións de interacción con adultos e con iguais, a través de xogos.
 - o Comprender a polisemia lingüística, as frases feitas, as bromas, os dobres sentidos e os absurdos.
-



-
- Aumentar a capacidade de atribuír estados mentais (inferencias) a outras persoas.
 - Aumentar o vocabulario tanto comprensivo coma expresivo.
 - Ampliar a lonxitude das estruturas sintácticas.
 - Xeneralizar os progresos a outros contextos mais funcionais.
- Actividades tipo:
- Discriminación de diferentes sons do entorno, fonemas, sílabas e palabras.
 - Imitar xestos faciais, emocións, praxias linguais, labiais, etc..
 - Realizar a posición tipo dos fonemas problema, repetir sons onomatopeiais, fonemas, sílabas, palabras, etc..
 - Observar situacións sociais e facer preguntas para conseguir a súa comprensión.
 - Repetir frases, facer expansións verbais mediante preguntas, secuenciar historias, etc..

Alteracións en lectoescritura:

- Obxectivo xeral: mellorar a competencia lingüística do alumnado.
 - Obxectivos específicos:
 - Favorecer os prerequisites cognitivos básicos.
 - Afianzar o proceso lectoescritor.
-



-
- o Aumentar o vocabulario comprensivo-expresivo.
 - o Mellorar a comprensión oral e lectora.
 - o Xeneralizar os progresos a outros contextos mais funcionais.
- Actividades tipo:
- o Conversa espontánea, xogo simbólico, etc...
 - o Atopar detalles nunha lámina con debuxos, detectar erros en debuxos similares, memorizar sons, secuencias rítmicas ou palabras.
 - o Recordar o que fixo ou comeu o día anterior, describir actividades realizadas, etc..
 - o Lectura de frases e contos breves, respostas a cuestións acerca da lectura.
 - o Expresión escrita dirixida e espontánea.
 - o Exercicios de asociación e lóxica.

RECURSOS

- Materiais: materiais de elaboración propia, materiais comercializados e recursos dixitais.
 - Persoais: mestra e mestre de Audición e Linguaxe, mestras de Pedagogía Terapéutica, Xefa do Departamento de Orientación, titoras, Xefa de Estudos, familias e compañeiras ou compañeiros.
-



-
- Organizativos: intervencións coma mestres de Audición e Linguaxe, reunións co Departamento de Orientación, reunións coa Comisión de Coordinación Pedagóxica, reunións co Equipo Docente e familias.
 - Espaciais: aula de Audición e Linguaxe e corredor.

METODOLOXÍA

Buscaremos sempre levar a cabo unha metodoloxía o máis lúdica posible, partido dos intereses do alumnado e que estea graduada en dificultade, tal e coma explican autores coma Bruner ou Vigotsky. Utilizaremos sempre o reforzo positivo.

As tecnoloxías da información e comunicación serán tamén utilizadas na nosa intervención: traballaremos en momentos no ordenador que temos en clase, na tableta e na pizarra dixital. Así, ademais da competencia comunicativo-lingüística (a cal promovemos principalmente dende as nosas intervencións), traballaremos a competencia dixital. Empregarase tamén o comunicador do alumnado TEA de Educación Primaria.

AVALIACIÓN

Nun primeiro momento realizaremos unha avaliación inicial, mediante unha sesión-entrevista, con resultados que nos facilitarán unha idea obxectiva das necesidades do noso alumnado, as súas motivacións e intereses.

Ó mesmo tempo que intervimos, levaremos a cabo unha avaliación continua, observando os posibles erros ou aspectos positivos para poder, desta maneira, variar adaptar a intervención ás dificultades que presente o alumnado.



Por último, faremos unha avaliación final ou sumativa, mediante actividades, similares as empregadas na nosa intervención, para determinar en que grao se acadaron os obxectivos plantexados inicialmente.

En As Pontes, a 3 de outubro de 2023